

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 14 DE SETEMBRO DE 2016, CON CARÁCTER SUPLETORIO DA CORRESPONDENTE AO DÍA 31 DE AGOSTO DE 2016

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día catorce de setembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, réunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballeda Rodríguez (que se incorpora á sesión cando son as 20:05 horas) e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asiste, con escusa, dona Rocío Vila Díaz, do PP.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Verónica M^a Otero López, secretaria accidental.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de maio de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de maio de 2016.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal, por unanimidade dos dezaioito concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron á citada sesión [os cinco concelleiros do PP que se relacionan: don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe; os cinco concelleiros de UxC; os tres concelleiros do PSdeG-PSOE que se relacionan: dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez; os dous concelleiros de ACdC-SON; don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito], aproba o citado borrador.

2. PARTE RESOLUTIVA

Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto non foi utilizado.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocions dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do ACdC-SON. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Faise constar que durante a lectura da moción, cando son as vinte horas e cinco minutos, incorpórase á sesión don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG.

Única: Moción do grupo municipal de ACdC-SON para instar ao Goberno da Nación a que se leve a cabo o desenvolvemento regulamentario da Lei de facendas locais relativo á posibilidade de gravar co recargo do 50 % do IBI ás vivendas desocupadas en mans das entidades financeiras e promotoras

Rexistrada de entrada ao núm. 999/092 o día 9 de setembro de 2016, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“O dereito á vivenda, tanto na Constitución española como na normativa internacional, configúrase cun marcado contido social, vinculado ao libre desenvolvemento da personalidade sobre a base da dignidade humana, e corresponde aos poderes públicos promover as condicións necesarias e establecer as normas pertinentes para que este dereito sexa efectivo.

Con todo, na realidade do mercado da vivenda dáse, por unha banda, unha forte demanda social e, por outra, un importante stock de vivendas baleiras que non se ofrecen e que prexudica gravemente o dereito dos cidadáns ao acceso a ela. Ademais, a situación económica dos últimos anos dificulta o acceso á vivenda, ata o punto de que a demanda de compra reduciuse a mínimos históricos.

Baste o dato de que nos últimos dez anos creceu o número de vivendas baleiras en 336.943 (un incremento do 10,8%), aínda que en contraste, o parque de vivendas en aluguer en España á penas chega ao 10%, moi por baixo da media da Unión Europea situada entre o 40% e o 50%.

No escenario de crise económica, a adopción de medidas dirixidas a atender as dificultades para acceder a unha vivenda ou para mantela, debe ser unha prioridade dentro das políticas sociais de vivenda das diferentes administracións públicas, cada unha delas dentro do seu ámbito competencial. Así, xa a Lei 18/2007, do 28 de decembro, do dereito á vivenda, previu os principios e medidas necesarios para conseguir que as vivendas desocupadas inxustificadamente, en ámbitos de acreditada necesidade de vivendas, se incorporaran ao mercado inmobiliario mediante técnicas de fomento, pero tamén mediante técnicas de intervención administrativa.

É desde a clave social do dereito constitucional a unha vivenda digna e adecuada que os poderes públicos deben garantir a idea de que toda vivenda desocupada de xeito permanente incumpre flagrantemente a súa función social.

Unha das posibilidades de actuación para os concellos vénnos dada da man da política tributaria. Así o recoñeceu expresamente na súa exposición de motivos a Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, que modificou o artigo 73 da Lei de facendas locais de 1988 (actualmente 72.4), creando ex novo o “recargo de vivendas desocupadas” no Imposto sobre bens inmobles. En concreto o fundamento da súa exposición de motivos sinalaba o seguinte:

“Por canto incumbe á cota, as principais novidades afectan a regulación dos tipos de gravame e ao establecemento de novas bonificacións, todo iso no contexto de proporcionar aos concellos, como órganos titulares e xestores do imposto, un amplo abanico de ferramentas para conxugar o seu potencial recadatorio coas posibilidades que o tributo ofrece como instrumento ao servizo da política tributaria municipal. Respecto dos primeiros, (...) Destaca, así

mesmo, a posibilidade de aplicar un recargo aos inmobles de uso residencial que se atopen desocupados para facilitar o acceso de todos os cidadáns ao goce dunha vivenda digna e adecuada.”

A regulación deste recargo, que se atopa hoxe recollida no artigo 72.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), nos seguintes termos:

“Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, por cumprir as condicións que se determinen regulamentariamente, os concellos poderán esixir un recargo de ata o 50 por cento da cota líquida do imposto. O devandito recargo, que se esixirá aos suxeitos pasivos deste tributo e ao que resultarán aplicables, no non previsto neste parágrafo, as súas disposicións reguladoras, devengarase o 31 de decembro e liquidarase anualmente polos concellos, unha vez constatada a desocupación do inmovible, xuntamente co acto administrativo polo que esta se declare.”

Agora ben, como pode desprenderse da lectura do artigo 72.4 do TRLRFL, para que se poida establecer o recargo por inmobles urbanos de uso residencial desocupados con carácter permanente, requírese o previo desenvolvemento regulamentario por parte do Estado das condicións que se deben cumprir. Pero este non se produciu ata o momento, polo que o devandito recargo pode establecerse nas ordenanzas fiscais municipais, pero non pode esixirse ata que exista ese desenvolvemento regulamentario do Estado, ao non atoparse esta posibilidade entre as potestades regulamentarias dos concellos. Desenvolvemento que tamén estivo vedado ás Comunidades Autónomas, réximes forais separadamente. E aínda que algunhas delas xa lexislaron sobre o concepto de “vivenda desocupada ou baleira”, os tribunais recoñeceron que esa competencia de regulamentación para os efectos do TRLRFL corresponde en exclusiva ao Estado.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Instar ao Goberno da Nación a que leve a cabo o desenvolvemento regulamentario sobre o concepto de ‘vivenda desocupada con carácter permanente’ e regule a posibilidade de aplicación do recargo do 50% do IBI por este concepto ‘exclusivamente’ ás vivendas en mans de entidades financeiras, e promotoras e construtoras de vivendas.

Segundo: Dar traslado desta proposta ao Goberno de España, ao Congreso dos Deputados e á Xunta de Galicia.”

Concedida a palabra a don Manuel María Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, manifesta que están plenamente de acordo con esta moción. Parécelles moi acertada, o que ocorre é que incide novamente en cuestións que tiveron noutras mocións anteriores, e é que fai referencia a instar ao Goberno da Nación, e por desgraza seguen sen Goberno da Nación. Incluso instan á Xunta de Galicia, que neste momento tamén está en funcións, co cal a moción, aínda sendo boa e acertada, cre que é extemporánea, haberá que formulala no momento no que dispoñan dun Goberno, tanto no Estado como na comunidade autónoma.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que eles queren facer unicamente un pequeno inciso, e pregunta se tanto no título da moción como no punto número 1 dos acordos, en lugar de poñer Goberno da Nación se podería poñer Goberno do Estado.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que dende o seu grupo felicitan a moción, e agrádalles moito que se volva recuperar o concepto da vivenda con función social. Cren que é importante que se volva recuperar o tema das políticas sociais, que ultimamente están esquecidas. Por suposto van votar a prol.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar positivamente.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que dende o seu grupo consideran que efectivamente esa lei non está aínda ben definida, nin desenvolvida a nivel estatal, polo que corresponderá, como ben dixo o PP, ao novo Goberno de España facela extensiva ás comunidades autónomas e a todos os municipios.

Tamén cren que ese tanto por cento do gravame e a forma na que se debe aplicar ten que ser consensuado por todos os partidos a nivel nacional, por todo isto, non están en contra da moción, pero tampouco consideran que sexa función deles, neste momento, instar a un Goberno que está en funcións, e sen saber o que vai acontecer, por iso dende Ciudadanos vanse abster.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que, por orde, en relación co Goberno en funcións, evidentemente é certo, pero se a vontade é apoiar a moción o que poden facer é, igual que fixeron nas anteriores, simplemente facer mención ao Goberno entrante e ao futuro Goberno da Xunta, que como saben que non van ser o mesmo goberno, pois está moi ben. Di que isto era unha broma, agarda que non, pero di que está moi ben a puntualización do Sr. Mora.

Por outra parte, están totalmente de acordo coa proposta do BNG, aceptan e aplauden esa corrección.

E para contestarlle á voceira de Ciudadanos, dille que a lei si está ben definida, o que non está é desenvolvida regulamentariamente. A lei está perfectamente definida dende o ano 2002.

Continúa dicindo que quere explicar brevemente os motivos, para que se entenda por que traen esta moción. Hai moitísimos concellos nos que se chegaron a modificar as ordenanzas fiscais para poder requirir ese 50% aos bancos. É dicir, eles o que non van facer, sendo consecuentes e sendo realistas, é poñer nun brete a día de hoxe ao Goberno de Cambre e ao Concello de Cambre, esixindo que se modifique unha ordenanza fiscal que despois non se vai poder aplicar, non se vai poder cobrar.

Ou sexa, de acordo coa Lei de facendas locais eles poden na ordenanza fiscal dicir que o Concello de Cambre vai esixir un 50% a todas as vivendas baleiras que existan no concello e que estean en mans de bancos, de promotoras e de construtoras, pero é unha parvada facelo cando non existe un desenvolvemento regulamentario que lles diga como se pode facer. Hai un montón de concellos con ordenanzas fiscais modificadas, que non teñen ningún sentido.

Teñen que ir un paso atrás, teñen que pedirle ao Goberno, ao que sexa, que se dende o ano 2002 se modificou a Lei de facendas locais e nela se di que efectivamente se poden gravar esas vivendas cun 50%, precisamente polo que estaba comentando o Sr. González Leirós, por fomentar o uso das vivendas baleiras, que se desenvolva regulamentariamente. Non ten máis complicación que iso. Outra cousa será por que non se fai ou por que non se quere facer.

Conclúe dicindo que esa é a explicación de que presenten esta moción neses termos. Que si é verdade que non é competencia deles, competencia deles sería modificar as ordenanzas fiscais, pero por unha cuestión de responsabilidade non ten ningún sentido que o fagan, que perdan moitísimo tempo, os funcionarios traballando, eles aquí rompéndose a cabeza, para modificar unha ordenanza que non van poder cobrar. O que teñen que facer, dende o seu punto de vista, é pedirle a quen ten que sacar ese desenvolvemento regulamentario para adiante, que o faga xa dunha vez, fágalle máis ou menos cóxegas aos bancos, á banca, aos promotores e aos construtores.

Agradece os apoios manifestados por algúns grupos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que, entón, cambian o encabezado e poñen moción de ACdC-SON para instar ao Goberno do Estado a que se leve a cabo ..., no punto número un dos acordos exactamente igual, instar ao novo Goberno do Estado, e no punto número dous, dar traslado desta proposta ao novo Goberno, ao Congreso dos Deputados e ao novo Goberno da Xunta de Galicia.

Concedida a palabra a don Manuel M^a Mora Pita da Veiga manifesta que dende o PP non entenden o porqué do cambio de Nación por Estado, se non hai máis que unha nación, de momento. Reitera que non hai máis que

unha nación, e é a Nación española, de momento, segundo a Constitución e segundo a lexislación. Por iso non entende o porqué do cambio do termo Nación por Estado. Imaxina que se refire á mesma entidade, á Nación española.

O Sr. alcalde pregunta se inclúen as modificacións, e ante a resposta afirmativa do grupo propoñente, somete o asunto a votación.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, coas modificacións efectuadas no título da moción, que queda redactado **“Moción do grupo municipal de ACdC-SON para instar ao Goberno do Estado a que se leve a cabo o desenvolvemento regulamentario da Lei de facendas locais relativo á posibilidade de gravar co recargo do 50 % do IBI ás vivendas desocupadas en mans das entidades financeiras e promotoras”**, e coa modificación da parte dispositiva dos acordos nos que se substitúe a expresión “Goberno da Nación por “novo Goberno do Estado”, “Goberno de España” por “novo Goberno de España” e “Goberno da Xunta de Galicia” por “novo Goberno da Xunta de Galicia”, votan a prol da moción os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro non adscrito. Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP e a concelleira do GM (C’s).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Instar ao novo Goberno do Estado a que leve a cabo o desenvolvemento regulamentario sobre o concepto de “vivenda desocupada con carácter permanente” e regule a posibilidade de aplicación do recargo do 50% do IBI por este concepto “exclusivamente” ás vivendas en mans de entidades financeiras, e promotoras e construtoras de vivendas.

Segundo: Dar traslado desta proposta ao novo Goberno de España, ao Congreso dos Deputados e ao novo Goberno da Xunta de Galicia.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria accidental dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1216/2016, do 1 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Leonor Fernández Grande dende o día 3 ao 23 de agosto de 2016 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de marzo de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1235/2016, do 2 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación especial efectuada a prol de dona María Dolores Blanca García Fernández dende o día 16 de agosto ao 9 de setembro de 2016 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de marzo de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1313/2016, do 11 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Josefa Vázquez Soto dende o día 17 ao 26 de agosto de 2016 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de marzo de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar."

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1325/2016, do 18 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Ramón Boga Moscoso dende o día 22 de agosto ao 2 de setembro de 2016 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de marzo de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar."

4.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/7514 o día 10 de setembro de 2016.

1º Veciños da urbanización A Barcala puxeron en coñecemento do Grupo Municipal Popular a necesidade de limpar o terreo existente na finalización da travesía da rúa Río Mandeo, cuxa vexetación invadía as proximidades da mencionada vía situada na dita urbanización, cos problemas de salubridade na zona que iso levaba consigo; problema agravado ao atoparse nas súas proximidades a escola infantil "A Barcala" e ser lindeiro co parque infantil existente nas súas inmediacións.

Razón pola cal dende o Grupo Municipal Popular presentouse no pleno ordinario do mes de xuño un rogo no que se interesaba do equipo de goberno que se tomaran as medidas adecuadas para resolver o problema denunciado polos veciños, do que se tomou nota e se adquiriu o compromiso de resolvelo á maior brevidade posible.

Transcorridos xa máis de dous meses dende a mencionada petición e tendo comezado o curso escolar, volvemos recibir as queixas dos veciños da zona que viron como estas non só non foron resoltas senón que se agravaron polo paso do tempo.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se reitera do equipo de goberno a petición realizada e comprometida hai xa máis de dous meses de adoptar as medidas oportunas para resolver á maior brevidade posible os problemas observados na zona.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, contesta que en vez de dar rodeos vai ir directamente ao gran, porque así cre que vai ser máis eficaz. A exposición que fixo o grupo popular de limpeza da parcela en xuño si se resolveu. Esa parcela é dun veciño de aquí, da vila de Cambre, un coñecido comerciante que ten unha carnicería para máis contas, el o sabe, non importa que se diga aquí porque non ten problema, limpouse en marzo, en xuño fíxose o rogo do PP, volveuse limpar por parte do concello o que é o lateral da beirarrúa que quedara, o que colga para a beirarrúa, e volveuse limpar en xuño.

Onte pasou por alí e o que hai son uns fieitos efectivamente na parcela. Di que el faría unha proposta, como lle dá a sensación de que o problema é o concepto de limpeza da parcela, nun solo rústico ao carón dunha

urbanización que é urbana, co cal hai un conflito de intereses, el pediría ao Grupo Popular que os puxera en contacto cos veciños que teñen ese problema e eles o identifican, o falan, matizan e aclaran, porque hai un problema de dous dereitos, o do propietario a ter a súa parcela como monte, non como monte con selva, pero si como monte, e o problema dunha propiedade que é solo urbano e que está inmediata e próxima.

Conclúe dicindo que el cre que isto o que hai é que avalialo, e por iso pide, por favor, que se poden o falan, o aclaran e o matizan.

Don Juan M^a Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que cre que o problema segue existindo igual que estaba no mes de xuño, porque eles mesmos foron mirar o terreo, agás que estean falando de terreos distintos. Explica que é xusto o terreo que está ao carón da escola infantil, no que as silveiras incluso invaden parte do edificio que hai alí. Estiveron a semana pasada e seguía exactamente igual, xusto antes de presentar os rogos, coas silveiras que invaden incluso unha tea metálica, que é a que distingue a parcela do que é o parque público. Incluso lembra que no mes de xuño tiñan falado do mantemento do parque público, que tamén, aínda que non o teñen dito e metido neste rogo, está peor do que estaba no mes de xuño.

Cren que o problema segue existindo. Sobre todo foron os pais dos nenos que van a esa escola os que se puxeron en contacto con eles, polos problemas de salubridade, a final do mes de xuño, que foi cando o trouxeron a pleno, precisamente para que no mes de setembro esa situación de insalubridade que se vía na zona estivera resolta. Cre que é labor da oposición poñer en coñecemento do concello e dos seus técnicos os problemas que lles din os veciños, e tamén cren, humildemente, que o problema segue existindo.

Don Juan González Leirós manifesta que agarda que estean falando da mesma parcela, porque non é Río Mandeo, é Río Sil. Como teñen esa dúbida, volve insistir, e pídelles poder poñerse en contacto cos propietarios, e se o PP quere estar nesa conversación non teñen problema, van alí, o ven, o detectan, o analizan, e se non cumpren volven traelo a pleno.

Toma a palabra o Sr. alcalde quen lle recomenda aos concelleiros que identifiquen no mapa o terreo, porque cre que seguramente están falando de terreos distintos. Se os concelleiros do PP ven que non está limpo, e o concelleiro de Urbanismo e el mesmo, que o estiveron vendo o outro día, si o viron limpo, entón están falando de terreos distintos. Pídelles por favor que llelo identifiquen ao saír do pleno.

2º Como xestores de fondos públicos, as entidades locais teñen a obriga de informar sobre a súa actividade económica, financeira e orzamentaria. Obriga que inclúe a necesidade de rexistrar todas as operacións derivadas da súa xestión así como a de elaborar os documentos que poñan de manifesto a situación e variación do seu patrimonio, os ingresos e gastos económicos, o resultado das súas operacións e a execución do orzamento de cada entidade local.

Conforme a tal obrigación, o artigo 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, obriga ao presidente de cada entidade local, no noso caso ao señor alcalde de Cambre, a render contas antes do 15 de maio do exercicio seguinte ao que correspondan; así como a someter antes do 1 de xuño a informe da Comisión Especial de contas a conta xeral formada pola Intervención municipal. Informe que incorporado á Conta Xeral xunto coas reclamacións e reparos formulados, deberán ser sometidos ao Pleno da Corporación, para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro e poida ser remitida ao Tribunal de Contas.

Transcorridos os prazos mencionados sen coñecer nin os motivos nin as expectativas do equipo de goberno ao respecto, dende o Grupo Municipal Popular se interesa informe do concelleiro competente en materia económico-financiera sobre tales extremos.

O Sr. alcalde contesta que no 2015 cambiouse o programa informático en Intervención, que pasou de estar nun contorno MS-2 a estar nun entorno Windows, cun programa da Deputación. O envorcado de datos non foi todo o áxil que se agardaba, e por iso se está traballando cun atraso neste tema. Si que agardan en dúas semanas, aproximadamente, ter a Conta Xeral lista para traela.

Reitera que o problema foi ese, que descubriron algún tipo de asento que non estaba ben, polo que tiveron que estar revisando asento por asento absolutamente todo, non hai outro motivo que non sexa ese. Nun par de semanas, case con total seguridade, o teñen feito.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que simplemente quere salientar que a Conta Xeral debe ser coñecida polos cidadáns, polas empresas, polos prestadores de servizos que teñen dereito a coñecer a información sobre a xestión económica do Goberno. Cre que esta explicación que o señor alcalde está dando ao público, aquí no pleno, debería facerse a nivel veciñal, porque de feito é público e notorio que se está elaborando ou que se está tratando de elaborar o orzamento municipal, e dende o Grupo Popular, dende logo, non lles parece serio que non se informe aos veciños do estado da Conta Xeral, dos prazos que se manexan, e pola contra si se lles estea pedindo que participen nun orzamento que nin sequera se sabe os prazos nos que vai ser posible aprobalo, nin tampouco cal é o reflexo da situación xeral que vai resultar da Conta Xeral.

O Sr. alcalde contesta que pode ter razón en canto a que a explicación non foi a adecuada, e el asume esa responsabilidade. De todas formas no tema do orzamento, como ben saben, tense que traballar con tempo, porque teñen que negocialo. Primeiro hai que ver que é o que pretenden todos levar no orzamento, logo hai que valoralo, logo negocialo e logo aprobalo.

Explica que queren traer en novembro a aprobación do orzamento ao pleno municipal, por iso tamén están traballando con case dous meses de antelación. Por iso se fixo o tema dos orzamentos e se lanzou aos veciños a posibilidade de achegar calquera suxestión ou idea, e non só para os orzamentos, senón que ademais estanse atopando coa sorpresa de que lles están dando suxestións en canto a outras moitas cousas que non teñen nada que ver cos orzamentos.

3º No pleno ordinario do mes de marzo o Grupo Municipal Popular interesou do equipo de goberno que se adoptaran as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos no Paseo Marítimo do Temple, fundamentalmente as papeleiras, das que se achegaban fotografías que demostraban a súa inutilidade ao non ter fondo, a existencia nalgúns casos soamente dos soportes oxidados e punzantes, que as convertían incluso en perigosas.

A tal rogo, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, Sr. González Leirós, manifestou en sede plenaria que estaban solicitadas corenta papeleiras que foron as que detectaron que podían faltar en todo o termo municipal, cuxa chegada se agardaba para ser colocadas.

Transcorridos máis de cinco meses dende tal declaración sen ter este grupo municipal coñecemento de se xa chegaron as papeleiras solicitadas, ou se recibidas estas foron efectivamente colocadas; o certo e verdade é que no Paseo Marítimo do Temple se seguen observando as deficiencias advertidas, do que son un claro exemplo as fotografías máis arriba reproducidas e que foron novamente enviadas meses despois a este grupo municipal por veciños do lugar. Razón pola cal se volve reiterar no mes de setembro a petición xa efectuada dende o mes de marzo, coa pretensión de resolver o problema advertido á maior brevidade posible.

Don Juan M^a Abalo Castex, concelleiro do PP, engade que cren que parte da contestación xa a saben.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de Servizos e Xuventude, manifesta que supón que o que saben é que esa papeleira xa está. Di que é certo, recolleron o rogo, efectivamente como dixo naquel pleno o Sr. González Leirós tiñan pedidas 40 papeleiras, a maior parte delas xa foron colocadas, moitas foron repostas, outras foron

colocadas en puntos novos solicitados polos veciños, e esta en concreto xa está colocada dende que recibiron este rogo.

Conclúe dicindo que tanto no tramo de paseo do Graxal, como no do paseo dos Templarios, na outra parte cara á ponte da autoestrada, vaise facer unha revisión e vanse cambiar todas as que estean en estado deplorable.

Don Juan M^a Abalo Castex sinala que, entón, pareceulle entender que vai seguir a reposición. Pregunta se vai haber que solicitar outras 40 papeleiras ou xa se esgotaron as que recibiron. Pregunta se xa están colocadas ou se van recibir máis.

Dona Elisa Pestonit Barreiros contesta que aínda queda algunha en stock, e o que dixo, vanse intentar repoñer todas as que estean en mal estado, tanto as papeleiras como os bancos, que tamén hai bancos.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/092 o día 9 de setembro de 2016, xunto coa moción e preguntas presentadas para este pleno.

1º Dende Asemblea Cidadá de Cambre viñémonos preocupando dende o comezo da lexislatura polo estado e mantemento dos nosos espazos comúns, traendo a pleno en reiteradas ocasións mocións, rogos e preguntas sobre o estado destes espazos.

Ante o lamentable estado dos parques infantís e zonas axardinadas do concello, queremos volver denunciar o estado precario de diversos parques infantís do noso concello.

O primeiro deles é o situado nas inmediacións da pista e do centro sociocultural de Andeiro. Existen deficiencias no que se refire ao seu mobiliario e á carencia dunha limpeza que garanta un uso sen perigos.

Tamén comprobamos o mal estado dalgúns elementos do parque infantil da Barcala ao carón do aparcadoiro do Eroski. Actualmente o chan está recheo de pedras que fan moito dano en caso de caídas, ademais das deficiencias que presenta nos seus elementos de xogo.

Coidamos, neste caso, que existe un uso moi intenso do parque por parte dos nenos e nenas que xustifica polo menos o mantemento, senón o investimento, para asegurar un uso seguro e un mínimo estado de conservación.

Tamén o parque infantil do parque Ramón Barba. Neste caso, coidamos que existe un espazo amplo e apropiado para a instalación dalgún elemento máis, ou polo menos o mantemento dun mínimo estado de conservación do existente. Actualmente o chan ten fisuras e os elementos do xogo están en mal estado.

Por último na Casa das Palmeiras ou no parque de José Luis Caso Cortines, o estado das instalacións deixa moito que desexar e redunda en ser un perigo para os usuarios.

Por isto pregamos que coa maior urxencia se acondicionen os mencionados parques, xa que estamos a falar de actuacións que non requiren de importantes investimentos e se traducirán nunha maior calidade de vida, lecer, e xogo dos nosos pequenos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de Servizos e Xuventude, manifesta que recollen totalmente o rogo, porque é certo que hai parques nos que os aparatos e xogos para os nenos están nun estado bastante deficiente. Como saben xa interviron nalgún que outro parque, vaise facendo revisión pouco a pouco e vanse amañando primeiro os xogos que se poden amañar, noutros casos hai que tiralos e coller xogos novos. Teñen bastantes xogos que si se poden restaurar, é o bo, coa mesma certificación e coas mesmas características nas

que estaban o primeiro día. Conclúe dicindo que de cara aos vindeiros orzamentos teñen pensado gardar unha partida para arranxar todo ese tipo de parques infantís, agás o parque infantil do Eroski.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que lle xorden dúas preguntas antes de seguir coa defensa do rogo. Unha é por que xustamente ese parque non se vai acondicionar, tendo en conta precisamente o uso intenso que ten esa zona polo espazo que ocupa e todo iso.

Por outro lado quería lembrar a este Goberno as palabras do que era concelleiro responsable en setembro do 2015, cando eles trouxeron precisamente este problema no que xa se detectaban problemas no mesmo parque Ramón Barba e noutros que mencionou antes. Nese momento o concelleiro comprometeuse e falou de facer un estudo onde analizar cales son os parques que se van utilizar, que parques se están usando, con que frecuencia, e que actuacións se poden facer. Botan moito en falta ese informe e botan moito en falta que sexa unha guía para ter os parques nun estado de mantemento óptimo.

O que non se pode consentir é que se fagan actuacións novas, como neses tres parques que si se fixeron, que son boas actuacións agás polo tema dos impactos e do acolchamento dos parques. Hai que ter en conta que eses parques están destinados a nenos, en moitos casos moi pequenos, e a lexislación actual, o Decreto 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís, cando fala respecto da seguridade, no seu artigo 7.3, di que a superficie sobre a que poidan caer os menores será de materiais brandos. Neste caso é importante ter iso en conta, porque están detectando que as novas actuacións estanse facendo con grava, con material de mantillo, que o que fai precisamente é provocar feridas nos rapaces que están xogando neses espazos.

Polo tanto, di que non teñen que volver a parques dos anos 90, onde todos xogaron e todos acabaron con pedras fincadas dentro dos xeonllos por feridas. Non teñen que volver a esas cousas, agora dispoñen de novos materiais e de novas ferramentas que permiten que os nenos gocen dos parques coa maior liberdade. Iso sen entrar agora mesmo no tema do problema dos nenos con discapacidade. Pregunta como vai acceder un rapaz con cadeira de rodas a un espazo con grava ou mantillo, directamente non pode acceder, porque as rodas quedan alí trabadas.

Conclúe dicindo que hai que darlle unha volta a este tipo de cuestións para intentar que os parques sexan efectivamente o que teñen que ser, espazos onde todos os nenos vexan as súas posibilidades de xogo desenvoltas sen ningún tipo de perigo.

Dona Elisa Pestonit Barreiros manifesta que respecto da primeira pregunta que fixo, sobre o parque ao carón do Eroski, non se vai reparar porque non é municipal.

En canto á segunda, no que se refire ao firme dos parques, o señor concelleiro acaba de indicar, efectivamente, que o solo acolchado evita que haxa danos, feridas nas pernas, pero tamén en contraposición con ese estudo hai outro estudo europeo que en cambio di que o garbancillo ou a casca de pino ten unha absorción maior no caso dun impacto craneoencefálico dun bebé.

Sinala que ela non é técnica, e evidentemente iso o explicarán os técnicos municipais. Se o concelleiro quere pode vir un día a falar con eles, que llo explicarán moitísimo mellor que ela, pero o que si é certo é que o caucho, por exemplo, é moito máis estético, e en canto a nenos con mobilidade reducida ou nenos en cadeira de rodas está clarísimo que é o terreo perfecto, porque da outra maneira non poden entrar, ten toda a razón. Conclúe dicindo que no que se refire ao estudo sobre os parques, si se fará.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que, de todas formas, todos os parques que se fagan novos van ser con ese solo de caucho. Si que a impresión que dá é que parece que hai xogos de primeira e de segunda, simplemente polo tema do chan, pero vanse facendo xa hai moito tempo precisamente polos informes técnicos

sobre o tema do garbancillo, que ademais a eles non lles gusta, xa o dixeron estando na oposición, porque se rompe unha botella ou un vaso nun deses solos, é perigosísimo, por iso a súa intención é que todos os novos parques se fagan con caucho, e tamén ir cambiando os que teñan que renovar o solo.

2º No pleno ordinario do mes de xullo de 2016, a Corporación de Cambre aprobou unha moción presentada por ACdC pola que por unha banda “deberase prohibir a aplicación de herbicidas químicos para todos os usos non agrarios nos espazos de uso público, estradas ou redes de servizo na totalidade do territorio do termo municipal”, por outra, que esta práctica de usar glifosatos ou herbicidas “sexá substituída por métodos non químicos, que non danen a saúde nin o medio ambiente, por exemplo os métodos mecánicos e térmicos” e por último “tome as medidas oportunas para sensibilizar e informar á poboación dos riscos para a saúde e o medio ambiente que supón o uso dos herbicidas químicos tamén no referente aos seus usos agrarios co fin de fomentar unha redución do seu uso agrario e unha aplicación en condicións de seguridade.”

Con posterioridade á aprobación desta moción co voto favorable de todos os grupos, vimos publicado en prensa que o Concello de Cambre retirará plumachos e limpará 1500 metros cadrados de terreos públicos, pero debemos facer fincapé na afirmación que determina un incumprimento do acordo plenario. Concretamente dise que “para eliminar os plumachos o concello pulverizará glifosatos sobre as plantas cando broten tras rozar.”

Pregamos:

Se nos informe por parte do alcalde ou concelleiro responsable, das previsións ou actuacións que se están a levar a cabo pola empresa que acomete esta actuación, no referente unicamente ao uso de glifosatos, prohibidos expresamente neste concello. Do mesmo xeito, solicitamos se nos informe cal é a actuación concreta que se está levando a cabo para a eliminación dos plumachos e requirimos o firme compromiso deste Goberno de dar cumprimento a un acordo plenario adoptado por unanimidade dos membros desta Corporación.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, pide que lle permitan facer un matiz, unha moción non é unha ordenanza, unha moción é unha declaración de intencións, unha moción é un compromiso. Que quede claro, en Cambre non están prohibidos os fitosanitarios, senón que sinxelamente hai un compromiso de non utilízalos. Reitera que é un matiz.

A segunda cuestión é que no Concello de Cambre non se utilizan á penas herbicidas, agás nas áreas de beirarrúas, que se estaban utilizando e se dixo que non se utilizaran.

Terceira cuestión, o problema que teñen non é un problema común, é un problema específico. Non se van utilizar ese tipo de produtos no que é a xardinería normalizada. Si hai unhas cuestións, que son as herbas da pampa, que non hai maneira de acabar con elas se non é con eses produtos. Preguntaron a todos os xardineiros, preguntaron á Coruña, á nova conselleira de Medio Ambiente, que é quizais máis belicista defendendo esa postura. Ao final dinlles que a maten con vinagre, pero o certo é que o vinagre, primeiro, tamén é un compoñente agresivo para a terra, porque cambia a súa estrutura, e segundo, non está comprobado que funcione.

Polo tanto, di que vai usar termos médicos, teñen un cancro, a quimioterapia é absolutamente agresiva para matar ese cancro, e a persoa sofre coa quimioterapia, pero é que ou deixan que o cancro a destrúa, ou traballan con quimioterapia, non teñen outra solución.

Isto a non ser que estean equivocados despois das informacións recibidas. Chamaron incluso a Madrid, buscaron, pero non encontraron nada. Se conseguen encontrar algo estarán encantados de poñer en práctica o compromiso adquirido e, dende logo, facelo funcionar. Neste tema buscan o apoio de todos os concelleiros, e preguntálles se teñen máis información sobre este tema, porque eles non a teñen.

Tiveron que tomar unha decisión, ou os plumachos, ou actuar. Non se trata de saltarse o compromiso, trátase do plumacho, exclusivamente actuar sobre esa planta. E aínda así, explica que as experiencias que teñen en Oleiros e noutros concellos, que levan seis ou sete anos con isto, son que a planta adoita ter unha vigorosidade que fai que volva xurdir e que hai que volver a facelo. Concretamente no tema desa planta.

Conclúe dicindo que eles tomaron a decisión de matar a planta, tomouse a decisión de que era máis importante.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que baixo o seu coñecemento existen tres formas de eliminar o plumacho. A primeira, efectivamente, é a máis doada de todo, o uso dos herbicidas e do famoso glifosato, pero tamén existen outras, moito máis longas de levar a cabo e moito máis duras de levar a cabo. Unha, efectivamente, a man, pero tamén existe outra, que é a utilización dunha cuberta plástica de compoñentes biodegradables, envolver a planta con esa tea, de tal maneira que se seque a planta e poida ser eliminada moito máis facilmente.

En Asemblea teñen unha pequena crise con este tema. Pregunta como pode ser isto xusto un mes despois de aprobar unha moción que, efectivamente, non é unha ordenanza, pero si é determinante e un compromiso adquirido pola totalidade da Corporación para a erradicación do uso dun material que pode ter consecuencias cancerixenas, que ten usos moi perigosos, prexuízos moi graves para a poboación. Porque está claro que todos os pesticidas e todos os herbicidas que se usen, antes ou despois van acabar chegando aos acuíferos, de tal maneira que se incorporarán ás cadeas tróficas, e tanto os humanos como os demais animais acabarán tomando eses compoñentes.

Pregunta como pode ser que se elimine ese compromiso por unha planta que ten outras solucións. Cren que se deben explotar antes esas solucións, ata a súa máxima expresión, antes de deixarse caer outra vez no aínda non prohibido uso do glifosato.

Tendo en conta os acordos acadados na moción do mes pasado, é indispensable a aplicación dos métodos non químicos. Máis que nada porque así xa estarían cumprindo outro dos compromisos que se adquiriron, que é a formación da poboación na solución do problema. Polo tanto, requiren que se estuden esas novas propostas, que se vexa se poden aplicalas dunha forma máis inmediata e, aínda que se tarde un pouco máis de tempo, hai que ter en conta que no período anual no que están a expansión desa planta non é tan grande como en períodos estivais. Tendo en conta que é unha planta que ten unhas condicións óptimas de crecemento que non coinciden coas temperaturas e pluviosidade que ten Galicia nestas datas, poden aproveitar esa circunstancia para intentar non usar eses produtos. Animan ao Goberno a facelo así, porque non poden permitirse introducir elementos cancerixenos, por moi pouco prohibidos que estean, non os poden traer a este concello.

Conclúe dicindo que nese sentido van seguir enriba do tema, para que non se produza o uso deses herbicidas químicos.

Don Juan González Leirós asegúralle que o compromiso do Goberno nese sentido non ten dúbida, pero cando se goberna téñense contradicións. O señor concelleiro estalle dicindo que agarden, pero o señor que vive no Espírito Santo, na parte de atrás, que ademais ten un problema de saúde, reclámalles todos os días que por favor corten a maleza, que ten problemas, que se afoga. E o concello ten que cortar a maleza, porque tamén llelo pide aos propietarios privados, todos os días, e deben dar exemplo.

Di que esa é a contradición na que están, con herbas que non son herbas pequenas, que son toxos que están invadindo propiedades privadas. Nesa contradición teñen que actuar.

Insiste en que buscaron técnicas para poder facer iso, e todos lles din que as técnicas que hai, que se están investigando, non son efectivas. Agora mesmo non o son, non di dentro dun ano, pero non poden agardar un ano. Co caso dese señor non poden agardar un ano, que lles morra porque ten asma, e coa muller chamándoos

todo o día. Polo tanto, teñen que actuar, e cren que deben de actuar, nese sentido.

Asegúralles que o Goberno ten un compromiso firme, pero tamén lles di que se empezan a ver cal é a calidade dos alimentos mundiais, e se queren fan calquera día un monográfico, dende logo están chupando cancro todos os días, e produtos fitosanitarios todos os días, e o arroz que vén de China probablemente saiban que trae unhas cantidades de mercurio excesivas.

Conclúe dicindo que van ser razoables, van evitar que estes procesos se fagan, van cortar a planta, van rexenerar no que poidan o solo para que non se volva reproducir, por suposto, pero tamén van habilitar ordenanzas para saber cal é o equilibrio entre unha cousa e a outra, porque senón poden volverse loucos. Pero que lles conste que a súa idea e seu compromiso é o mesmo que o de Asemblea, non utilizar ese tipo de produtos, pero hai que darlle unha solución activa a aquelas cousas que lles din que mañá hai que solucionarlas. Non poden agardar ao ano que vén, ese é o problema.

Don Antonio Bruquetas Santos manifesta que está claro que a comida que están tomando ultimamente non é o máis saudable en moitos casos, pero non por iso van engadir máis toxicidade ao medio ambiente para que se incremente máis o problema. Dende logo non lle parece ese un argumento moi válido.

De todas formas, se o problema está sendo precisamente a urxencia que teñen certos lugares e certas parcelas que se ven moito máis afectadas, pensa que o mellor é a solución que se propón dende as organizacións especializadas neste tema, a solución de tapar a planta e afogala de luz, así estarían xa facendo un favor a ese señor, nese exemplo no que están.

Conclúe dicindo que tampouco se trata de facer unha única acción, unicamente co glifosato, ou unicamente cortando e despois metendo o glifosato. Non, o que se pode facer é primeiro unha poda e despois intentar quitar os restos que queden dentro das grandes raíces. Hai que intentar facer un uso conxunto das dúas medidas, a roza e o acolchamento, dese xeito si que se pode actuar dunha forma practicamente inmediata.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que se acabou, e dille ao concelleiro de Urbanismo que non ten a palabra, que xa se acabou o tema.

Explica que o tema é que os técnicos aconsellaron isto, incluso o concelleiro preguntou a Oleiros e a outros concellos cal era a técnica e que técnicas coñecían que funcionasen ou non, e a que lles aconsellaron foi esta. Non hai outra garantida que acabe cos plumachos, e esa foi a decisión que tomou o concelleiro e o Goberno. É dicir, é a única e tiñan que facelo xa, mentres tanto a ver se teñen sorte, se investiga máis, e o ano que vén teñen outra que lles permita non ter que utilizar este tipo de produtos.

3º Veciños da rúa Constitución denunciaron ante o noso grupo que os colectores de lixo situados na esquina confluyente coa rúa Tapia producen un forte ruído coas súas tapas, por carecer de sistema de amortecemento que atenúe o seu peche. Este feito, ao noso xuízo, supera amplamente os niveis de emisión sonora permitidos, tanto na vía pública como no interior das vivendas próximas aos contedores.

Pregamos se adopten as medidas correctoras necesarias para solucionar as deficiencias sinaladas e cumprir co contemplado na Ordenanza municipal de protección do medio ambiente.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de Servizos e Xuventude, contesta que despois de recibir este rogo, ela mesma chamou o luns ao Consorcio para poñer no seu coñecemento a falta dos amortecedores de goma que teñen os colectores, e dende o Consorcio dixéronlle que á maior brevidade posible ían pasar a repoñelos.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, explica que levan xa dende o comezo da lexislatura traendo a pleno e presentando de forma puntual por rexistro diversos casos nos que os contedores se atopan

rotos, mal situados, ou cun desgaste tal que provoca malestar nas persoas que viven nos arredores. A resposta do Goberno foi sempre a mesma, que revisaría os contedores e pedirían ao Consorcio que tomara as medidas necesarias, pero visto que pasado xa máis dun ano seguen atopándose problemas cos colectores, neste caso que impiden a varios veciños da zona descansar con tranquilidade, pensan que fai falta un novo impulso, unha forma máis enérxica de ver este tema, que aínda que pareza insignificante pode traer moitas consecuencias.

Como saben, a ordenanza reguladora da protección do medio natural di no artigo 6 que cando as actuacións, tanto de tipo preventivo, correctivo, como sancionador, correspondan a competencias reservadas a outras Administracións públicas, o concello instará a intervención dos devanditos órganos. Polo tanto, corresponde a esta Administración garantir que iso se produza de forma efectiva e de forma rápida.

Tamén falan doutros compromisos que se adquiriron no pasado, como foi realizar un pequeno estudo do estado dos colectores para saber cales hai que cambiar exactamente, e non ir pedindo ao Consorcio un por un. Ou demandar ao Consorcio das Mariñas que faga un estudo do estado actual deses colectores, e poder cambiar tanto os que están mal situados, como os rotos ou eses que están en franco estado de deficiencia.

Dona Elisa Pestonit Barreiros contesta que o que lle pode dicir respecto diso é que o mércores veñen dous representantes do Consorcio a unha reunión co Sr. alcalde, na que tamén vai estar ela presente, e este vai ser un dos temas a tratar.

O Sr. alcalde sinala que de todas formas levan máis dun ano con estes problemas, e van seguir, porque os contedores rompen e hai que arranxalos. Eles, cando teñen coñecemento de que algún está mal, rapidamente chaman ao Consorcio para que se reparen, e normalmente se reparan todos, pero aínda así seguen rompendo, é lei de vida. O ano que vén virán co mesmo rogo e dicindo que seguen rompendo os contedores e as tapas, porque efectivamente si, seguen rompendo.

O de que non se limpan, dille que si se limpan, pero o que ocorre é que hai veces que hai unha familia que fai pescado, que o tira alí ás 2 da tarde, e ata que o recollen ao día seguinte quedan olores. Non sempre pasa así, normalmente onde hai peixaría, etc., fan unha limpeza máis asiduamente que noutros sitios, pero está claro que van seguir tendo problemas, é normal que os teñan.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/093 o día 10 de setembro de 2016, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Vimos nos pasados días a existencia de paneis publicitarios instalados en Cambre dunha superficie comercial de matriz valenciana de recente apertura no concello veciño. Rogamos informen se contan cos preceptivos informes municipais e se están ao corrente das oportunas taxas.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, contesta que non teñen ningún tipo de licenza, nin tampouco solicitaron as taxas. Xa procederon a investigar, para ver onde están os carteis e abrir o correspondente expediente disciplinario.

2º No pasado Rock in Cambre non houbo zona de acampada a pesar de celebrarse en dous días consecutivos. Rogamos informen sobre as posibilidades que barallaron para situar outras zonas de acampada a maiores da zona do castro.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, contesta que se barallaron dúas zonas, que son as ribeiras do río Mero e a zona de Samosteiro. Nas ribeiras do río Mero tiveron o problema do non permiso, á parte doutros moitos problemas, e na zona de Samosteiro detectaron unha certa alarma social.

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, pregunta se barallaron nalgún momento a posibilidade de facelo, por exemplo, como fan noutros concellos cando hai algún tipo de festival, situalos nun polideportivo ou nalgunha outra zona.

Don Ramón Boga Moscoso contesta que non.

Rogo de C's presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 0/7511 o día 10 de setembro de 2016.

Único: Ciudadanos presentou un rogo no 2015 respecto do cambio de posicionamento dos contedores de lixo adxacentes aos pasos de peóns, labor que se está realizando, e que, aínda que se teña tardado un ano, ten que recoñecerse. En cambio, naquel plano que acompañamos novamente a este escrito, propoñiamos tamén facer un espazo de reserva (para aumentar con iso a visibilidade) de restrición de aparcamento, conseguindo con iso que os peóns poidan ser vistos con maior tempo de reacción, ante a manobra de cruzamento.

Tense prescindido do dito espazo de reserva e pedímoslles que o reconsideren presentando este rogo.

Por suposto, esta proposta debe ser avaliada polos técnicos do corpo de Policía que son os que máis e mellor coñecen a normativa en seguridade viaria.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta que no Temple e na urbanización da Barcala a zona é toda de 30, ademais, na Barcala todos os pasos de peóns son elevados. As estradas autonómica e de Deputación sinalizaron un equivalente a unha praza de aparcamento antes do paso de peóns.

Conclúe dicindo que se está estudando pola Policía e facendo un informe.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), pregunta se non hai pasos de peóns nos que non se ten deixado ese espazo de reserva.

Dona Josefa Vázquez Soto contesta que hai pasos nos que non se deixou, e que se está estudando pola Policía, como xa dixo, no Temple. Na Barcala os pasos de peóns son todos elevados. Son zonas todas de 30, tanto no Temple como na Barcala xa van amodo, e onde non hai pasos elevados de peóns sinalizouse que hai eses pasos de peóns cunha praza de aparcamento anterior. Reitera que se está estudando, están facendo un informe e pasaránllo cando o teñan.

4.3. Preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/7513 o día 10 de setembro de 2016.

1ª Sobre a base da celebración en Cambre durante os días 15, 16 e 17 do mes de xullo, da I Romaría Galaico-Romana, que lonxe de ser unha tradición popular enraizada no noso municipio foi promovida polo equipo de goberno municipal grazas a un enorme despregue mediático; o Grupo Municipal Popular preguntou ao concelleiro de Cultura, Tradicións Populares e Deportes no pleno ordinario do pasado mes de xullo cal fora o seu custo.

A falta de contestación polo mencionado concelleiro á pregunta formulada, obriga ao Grupo Municipal Popular a reiterar, transcorridos xa máis de dous meses dende a súa celebración, ao Concelleiro de Cultura, Tradicións Populares e Deportes o que se está preguntando dende entón todo o pobo de Cambre: Cal foi o custo da I Romaría Galaico-Romana?, ou o que é o mesmo, canto nos vai custar aos cambreses a celebración, publicidade e eventos destes fastos castrexo-romanos?

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, contesta que no documento orzamentario deste exercicio, do ano 2016, consignouse unha partida para o Galaicoi de 50.000 euros. Unha vez feito o orzamento para a retención de crédito no departamento de Cultura consignouse a cantidade de 46.464,72 euros. Finalmente o gasto total da Galaicoi foi de 41.673,60 euros.

2ª Así mesmo, os pasados días 2, 3 e 4 de setembro celebrouse no parque Ramón Barba do Temple un mercado templario en cuxa organización interveu xunto a diversas asociacións, administracións públicas e empresas privadas, o propio Concello de Cambre.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente en materia de promoción económica cal foi a intervención e custo para o noso concello da súa participación na organización do dito evento.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que a colaboración do concello non foi máis aló do punto de auga, punto de luz, vixilancia policial, e tamén os colectores de lixo.

3ª Veciños da praza da Ría da parroquia do Temple viron como uns conos substituían de forma provisional a ausencia de rexas existentes no pavimento do solo, advertindo aos peóns do perigo do oco ou desnivel que puidera provocar a súa caída; tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

Transcorrido máis tempo do normal esixido a unha medida que a simple vista parece provisional e de fácil solución, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro con competencias en materia de obras, que ocorre de anormal na reparación da deficiencia observada para que se prolongue no tempo máis do debido e cales son as previsións ao respecto.

Don Manuel M^a Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, explica que esta foi unha pregunta que formularon no seu momento, pero afortunadamente observaron que isto xa se resolveu, co que recomenda aos demais grupos que se queren resolver as cousas llas pidan a el, que xa nunha vez anterior preguntara outra cousa, sobre a fonte de San Antonio, e cando fixo a pregunta xa se tiña resolto, o cal agradece ao Goberno, que antes de formular a pregunta xa se teña resolto o caso.

O Sr. alcalde agradécelle que traia as preguntas ao pleno, e dille que, é máis, que non agarde ao pleno, que o faga por teléfono ou directamente por Rexistro, porque se eles realmente teñen coñecemento de que hai deficiencias que se poden solucionar ao momento, intentan facelo.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/092 o día 9 de setembro de 2016, xunto coa moción e rogos presentados para este pleno.

1ª Trala recente celebración dos xogos olímpicos en Río, observamos como o inusual feito de contar entre as nosas veciñas e veciños cunha portadora dun diploma olímpico, non levou ao Goberno a realizar unha recepción ou acto como coidamos merece Paula Medín.

Lembremos que conseguiu diploma olímpico por pechar a súa participación no torneo de “seven” coa selección

española nunha meritoria 7ª posición, impoñéndose a Fiji (21-0) asinando unha grande actuación no seu debut olímpico.

Dende a ACdC entendemos que o deporte é unha forma de entender a vida, unha das ferramentas máis potentes para a integración social e a superación de desigualdades, un referente para as nosas nenas e nenos, e mozas e mozos.

Pode o Goberno informar sobre as causas que derivaron na ausencia de recoñecemento á nosa veciña e programar algún tipo de acto ou recepción utilizando este como reclamo para a mocidade do noso concello?

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de Cultura, Tradicións Populares e Deportes contesta que para o ano 2017 o Goberno local ten previsto realizar en maio a gala do deporte, e para evitar facer recepcións individuais continuamente, pola cantidade de bos deportistas que teñen no concello, coincidindo ademais co remate das diversas competicións regradas, nesa gala do deporte van ter cumprido recoñecemento os distintos deportistas e os perfís deportivos do ano 2016.

O Sr. alcalde aclara que non é nada novo, facíase antes, e cren que é a mellor forma de recuperalo.

2ª pregunta.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, expón que a súa segunda pregunta coincide co rogo que manifestou anteriormente o Bloque Nacionalista, co cal retiran a pregunta porque coidan que vai ter a mesma resposta. A pregunta ía sobre o tema da acampada durante o Rock in Cambre e o festival.

3ª A recuperación, vixilancia e mantemento do público é unha obriga desta Corporación. A rede de camiños do concello constitúe un elemento indispensable para a comunicación entre distintos lugares. Existen algúns viarios que polas súas características e falta de atención e coidado, provocan situacións que os fan difíciles de transitar, e quedan sumidos no máis absoluto abandono, motivado en gran medida pola abundante maleza ou a desidia de quen ten a responsabilidade de mantelos nas mellores condicións de uso para a circulación.

O Grupo Municipal da ACdC, unha vez máis, pregunta ao Goberno local, a que agarda para tomar as medidas oportunas de cara á limpeza e acondicionamento do camiño que transcorre entre a rúa Pumar Méndez e Freande, co fin de garantir o seu mantemento nas mellores condicións para o seu uso.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de Servizos e Xuventude, contesta que está totalmente de acordo, urxe e hai que facelo xa. Di que non é que agarden a nada, é que hai moito traballo e moi pouca xente para facelo, sinxelamente, pero intentarán que para a semana quede listo.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/093 o día 10 de setembro de 2016, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Cal é o estado das diversas fronteas abertas para dotar á vila de Cambre de zonas de aparcadoiro?

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, contesta que imaxina que cando din vila, refírense a todo o concello. Explica que mañá mesmo vai comezar o aparcadoiro no Portofaro, o que estaba previsto, e unha vez se acabe aí, que é o que máis importa polo tema do colexio, procederese co de Cambre e procederese tamén con outro en Sigrás, ao lado do colexio de Sigrás.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Houbo outro aparcadoiro, que é o do Graxal II, o que queda na N-VI, que foi inviable, porque as pretensións por parte dos propietarios de ligar ese tipo de actuación a un convenio urbanístico que teñen eran inaceptables e, polo tanto, o Goberno municipal pechou a negociación nese sentido.

2ª Pronto chegarán as chuvias. Valora o Goberno municipal a instalación dalgún tipo de infraestrutura (toldo, marquesiña ou similar) que protexa do líquido elemento á cidadanía que fai espera na parada do bus ao carón das lotarías no centro de Cambre?

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, contesta que si, que están en contacto cun dos promotores, viu diversas cuestións no antigo muíño, para intentar metelo e aproveitar a estrutura. Agora hai unha parcela alí ao carón, están en contacto co propietario para ver se lles deixa un pedazo e poñer, polo menos, algún resguardo, unha pequena placa ou algo para poder meter alí á xente.

3ª A entrada ao punto limpo do polígono do Espírito Santo non está sinalizada debidamente pois semella que o sinal que así o indicaba xa non está. Ten o Goberno municipal intención de reparar esta incidencia?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de Servizos e Xuventude, contesta que, despois de ver a pregunta e comprobar que o sinal non está, xa encargaron o luns un sinal novo. En canto chegue, repoñerano.

Pregunta de C's presentada por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 0/7512 o día 10 de setembro de 2016.

Única: Ciudadanos puxo en coñecemento deste Goberno o mal estado da vía de acceso ao polígono industrial do Espírito Santo dende a Nacional VI, pola cantidade de fochancas en ambos sentidos.

As ditas fochancas foron cubertas de inmediato e temporalmente, mentres non se repara totalmente a vía ata a rotonda principal do polígono.

Dada a importancia desta reparación, por ser unha vía moi transitada por persoas e vehículos que continuamente acceden ao noso polígono no desenvolvemento da súa actividade e a dos nosos empresarios, a seguridade viaria debe ser prioritaria, sen esquecer tampouco a imaxe que o Concello de Cambre ofrece como porta de entrada a un dos seus polígonos industriais mellor situados.

Por todo isto facemos a seguinte pregunta:

Ten este Goberno un prazo fixado co obxecto da dita reparación e, en caso afirmativo, poderían informarnos?

Don Juan González Leiros, concelleiro de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, contesta que o problema máis importante dese viario pertence a Sada, onde hai as fochancas, que é entre Iveco e aproximadamente os Hermanos Conde, despois está Cambre. Eles o que fixeron foi retomar a opción dun asfaltado, van levalo ao orzamento, pero haberá que falar con Sada, porque senón non vale de nada ese treito.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica Mª Otero López